BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Venres, 5 de setembro de 2025
Núm. 169

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES ANO 2025 DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, ANO 2025

PRIMEIRA. DEFINICIÓN.

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Participación Cidadá para o ano 2025 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase ademais, nestes momentos de crise económica, eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal. De acordo co establecido no artigo 9 da Constitución Española débese facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social para o que resulta imprescindible que tanto os concellos, como as administracións máis cercanas, axuden a asociacións e a centros culturais, sociais e veciñais nas parroquias a que realicen actividades que satisfagan as necesidades de promoción persoal e formativas nos distintos ámbitos da vida e de relación coa contorna, e outras actividades que se recollan como obxecto ou finalidade nos seus estatutos fundacionais e que beneficien a toda a veciñanza de Redondela.

SEGUNDA. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

A Concellería de Participación Cidadá ten como obxectivo fomentar a realización de actividades nas parroquias do concello de Redondela para contribuír ao desenvolvemento das relacións entre a veciñanza e a súa vinculación coa súa contorna. As actividades deberán ser iniciadas e rematadas no ano 2025, abranguendo o período comprendido entre o 1 de xaneiro e a fin do prazo de xustificación.

Quedan excluídos das presentes bases e convocatoria e polo tanto non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- Os gastos de investimentos: obras e adquisicións de bens inventariables.
- As cantidades satisfeitas ao concello de Redondela polo uso das instalacións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

- Os gastos de funcionamento, os gastos correntes das entidades e os gastos de actividades de carácter cultural, deportivo, de promoción da muller e a igualdade e/ou programas de servizos sociais, correspondentes a actividades xa subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do concello de Redondela, ou a través de convenios asinados co concello.
- Os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
- Os impostos directos ou indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- As viaxes de ocio, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.
- A edición de libros, revistas e outras publicacións.
- Conferencias e charlas (incluídos os ciclos) e en xeral calquera outra actividade que non teña a consideración de curso.
- Os agasallos.
- Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto destas bases e convocatoria.
- Aquelas actividades ou actos que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.

TERCEIRA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 25.000,00 euros con cargo á partida 9241A/4890000 do orzamento vixente.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, se é o caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás as subvencións concedidas polo concello.

CUARTA. BENEFICIARIOS.

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións que outorgue este concello a persoa ou entidade que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases e convocatoria as asociacións de veciños, os centros sociais parroquiais, e as federacións de asociacións de veciños, todos eles con ámbito de actuación no concello de Redondela, que se atopen constituídas en forma e debidamente legalizadas no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser unha entidade sen ánimo de lucro.
- Ter o domicilio social e o seu ámbito de actuación no concello de Redondela.
- As asociacións ou entidades deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Redondela, cunha antigüidade mínima de 1 ano.
- Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria aquelas nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (*https://redondela.sedelectronica.gal*).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

As solicitudes virán inescusablemente acompañadas da documentación indicada no propio modelo normalizado da solicitude, é dicir, dos anexos I, II, III e IV.

Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

O concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no Rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que a persoa representante da asociación autorice a este concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

SEXTA. PRAZO DE SOLICITUDE.

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de solicitude será de DEZ DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria.

SÉTIMA. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e convocatoria e adxudicar as subvencións segundo as valoracións.

As entidades solicitantes poderán solicitar axudas para un máximo de dúas actividades. Os criterios de valoración son os que de seguido se relacionan:

1. Terase en conta o número de socias/os que teña a entidade solicitante.

Número de Socias/os	*Puntuación*
Entre 0 e 100	10
Entre 101 e 200	20
Entre 201 e 300	30
Máis de 300	40

2. Terase en conta a repercusión da actividade na parroquia de acordo ao seguinte baremo:

Participantes	*Puntuación*
Entre 0 e 19	10
Entre 20 e 50	20
Entre 51 e 100	30
Máis de 100	40

3. Terase en conta a duración no tempo das actividades a realizar de acordo ao seguinte baremo:

Duración no tempo	*Puntuación*
Mais de 100 horas	40
Entre 76 e 100 horas	30
Entre 31 e 75 horas	20

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

Duración no tempo	*Puntuación*
Entre 0 e 30 horas	10

4. A Administración valorará o tipo de actividade de acordo ao seguinte baremo:

Tipo de actividade	*Puntuación*
Actividades destinadas á promoción persoal	40
Actividades medioambientais, actividades agropecuarias e manipulación e/ou elaboración de produtos naturais	30
Outras actividades	20

5. Composición da xunta directiva

Paridade	*Puntuación*
≤ 20% da directiva integrada por mulleres	2
> 20 % e < 40% da directiva integrada por mulleres	4
40% ou máis da directiva integrada por mulleres	6

A tipoloxía da actividade será determinada pola Administración de acordo cos seguintes criterios:

- Terán a consideración de actividades de promoción persoal aquelas destinadas ao desenvolvemento persoal tanto físico como psíquico ou adquisición de habilidades coma por exemplo cursos de: ximnasia, tai-chi, ioga, zumba, aerobic, fotografía, idiomas, informática, electricidade, fontanería, bricolaxe, restauración, corte e confección, etc.
- Terán a consideración de actividades medioambientais as destinadas á creación de hábitos medioambientais saudables, ao coñecemento da contorna, a fomentar a reciclaxe, todas aquelas que teñan relación co sector agropecuario como adquirir coñecementos de poda, compostaxe, enxertos, etc., e tamén aquelas dedicadas a erradicar o maltrato animal, actividades relacionadas co uso dos produtos naturais como elaboración de conservas, etc.
- As outras actividades que non se poidan acomodar en ningún dos anteriores apartados terán a consideración de outras actividades.

A cantidade prevista no artigo terceiro para estas subvencións (25.000,00 euros) dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as actividades para as que se solicita a axuda. O cociente desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada actividade, sendo o devandito resultado o importe da subvención que se proporá outorgar polo concello.

O importe da subvención reducirase en todo caso ata o importe solicitado pola entidade no caso de que este sexa inferior.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, se é o caso, outros ingresos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

En calquera caso a subvención municipal non poderá superar o 70 % do custo da actividade, nin superar os 3.000 € de importe por entidade solicitante.

OITAVA. PROCEDEMENTO.

A instrución do procedemento corresponderalle ao/á funcionario/a que designe a Concellería de Participación Cidadá, órgano instrutor que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será o/a encargado/a de requirir ás entidades solicitantes a emenda de deficiencias.

Inmediatamente despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes emitirase un certificado no que se indicará as solicitudes recibidas.

Logo de que o/a instrutor/a avalíe as solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nesta convocatoria, elevarase a unha Comisión de Valoración integrada polo concelleiro de Participación Cidadá, Alberto Álvarez Pérez, que actuará de presidente, dous concelleiros María Rita Pérez Táboas e Antonio Cabaleiro Covelo, actuando coma suplentes Iria Vilaboa Álvarez e Pedro Villaverde Campos, respectivamente, a funcionaria Elisa Vieites Piquenque, actuando coma suplente a funcionaria María Lourdes Fernández Arines, e o/a instrutor/a, que actuará como secretario/a da Comisión con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designarase por Resolución do órgano competente.

O/A secretario/a recollerá o debatido na correspondente acta. A/o instrutor/a, tras a acta da comisión, formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a Comisión ou o/a instrutor/a utilizaran datos diferentes dos aportados polas entidades, abrirase un prazo de dez días para que todas/os as/os interesadas/os poidan presentar as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o/a instrutor/a formulará proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a estas bases e convocatoria, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, o/a instrutor/a emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos establecidos nestas bases e convocatoria para acceder ás subvencións.

O concello de Redondela poderá, en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

O concello permitirá, sempre antes de ditar a Resolución concedendo as subvencións, que as entidades poidan cambiar algunha das actividades para as que solicitaron a axuda. A nova

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

actividade será valorada segundo os criterios establecidos no artigo sétimo. Se a puntuación resultante fose maior, outorgaráselle a puntuación da actividade modificada. No caso de que a puntuación sexa menor, outorgaráselle a puntuación menor.

NOVENA. RESOLUCIÓN.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Concellería de Participación Cidadá concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra a anterior Resolución, por esgotar a vía administrativa, poderase interpoñer, á elección das entidades:

- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso entenderase desestimado se transcorre outro mes, desde a súa interposición, sen que lle sexa notificada a resolución expresamente.
- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, segundo o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) directamente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data de notificación desta Resolución.

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución. A desestimación por silencio non está suxeita ao prazo de caducidade previsto no artigo 46.1 da LXCA.

Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Sinalándolle que, a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

DÉCIMA. PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

DÉCIMO PRIMEIRA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir co seu obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
5. Comunicar ao concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
6. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Facer constar naquelas actuacións que así o permitan, que conta coa subvención do concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do concello de Redondela como entidade colaboradora.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, xunto cós xuros de demora correspondentes, nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

10. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

11. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de todas as actividades subvencionadas polo concello de Redondela estarán sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e coa Ordenanza reguladora do uso do galego no concello de Redondela (BOP núm. 196, do 9 de outubro de 1998). Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

12. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes das subvencións nos rexistros públicos que proceda, conforme á normativa vixente.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía, poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorrera o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

DUODÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación mediante os formularios correspondentes debidamente cubertos (anexos V a IX) conterá a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada, coa finalidade para a que foi concedida a subvención e deberá presentarse no Rexistro Electrónico do concello de Redondela no prazo dos 5 días hábiles seguintes a data de finalización da actividade subvencionada que conste no Anexo II da solicitude, salvo que este prazo superase a data do 10 de novembro, no que sería ésta a data límite de xustificación, ou se a concesión fose posterior, 5 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión. No caso de que a actividade xa estivera rematada antes da concesión da subvención o prazo de 5 días hábiles comezará a contar dende o seguinte ó da notificación de resolución de concesión da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

Non se aboará ningún gasto cuxo concepto non sexa coincidente cós referidos na solicitude (deberán ser coincidentes o Anexo II e o Anexo VI).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

As entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

Á súa vez, aqueles beneficiarios aos que se lle outorgara unha contía que superase os 3.000,00€ deberán achegar certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O resto de entes beneficiarios presentará unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

As facturas deberán conter en todo caso os seguintes datos:

1. Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
2. Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
3. Número de factura.
4. Lugar e data da emisión da factura.
5. Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
6. Periodo que corresponda.

No relativo á acreditación do pagamento da factura, admitirase únicamente o xustificante bancario como medio de acreditación do pago dos gastos obxecto desta subvención cando o importe sexa superior os 1.000,00€. Para importes inferiores a 1.000,00€ se acreditará o pago preferiblemente a través de medio bancario ou constará na factura o carimbo ou lenda de "cobrado", "pagado", "recibín" ou similar.

En ningún caso se admitirán documentos de pago que non cumpran coas anteriores especificacións.

No caso de xustificar o gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/o secretaria/o da entidade beneficiaria no que se estableza cal é a porcentaxe do importe da devandita nómina ou seguro social que se imputa á xustificación. A xustificación de gastos salariais non serán admisibles se estes se refiren a persoal que se atope en situación de incapacidade temporal se esta supera o mes ou en ERTE, xa que estas bases e convocatoria regulan subvencións para a realización de actividades, que non se prestan na devandita situación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria presentarase a relación nominal de persoas traballadoras e o recibo de liquidación de cotizacións dos meses que se presenten na xustificación da subvención e, se non se deduce claramente da documentación, deberá constar certificado da/o secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Só serán subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados desde que comezou a/as actividade/s subvencionadas ata que finalice o prazo de xustificación .

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras administracións públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención desta convocatoria, a contía total de gastos, o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da Base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará o concelleiro de Participación Cidadá a partires das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta do Concelleiro e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa a que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

O pagamento da subvención alcanzará o 70% do importe xustificado, sendo o límite a cantidade concedida. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida, realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e dando se cumpran co resto dos requisitos destas bases e convocatoria.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, inicial ou prorrogado, por resolución do órgano competente iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revogación da concesión da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

O procedemento de concesión da subvención publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello de Redondela.

Asemade cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000,00 euros procederase á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro.

En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no taboleiro electrónico de anuncios do concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida a finalidade ou finalidades da subvención.

Igualmente, será obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Protección de datos de carácter persoal

As persoas solicitantes interesadas autorizan a cesión dos datos á Base Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación no referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cando teñan que publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse os seus devanditos datos persoais identificadores.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos das persoas beneficiarias ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

b) A persoa física atópase nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo isto nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen causas de perda do dereito ao cobramento da subvención, total ou parcial, as seguintes:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
b) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

DÉCIMO QUINTA. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dende o momento de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. As cantidades reintegradas terán o carácter de dereito público.

DÉCIMO SEXTA. INSPECCIÓN E CONTROL.

O concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Estas bases e convocatoria quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

DÉCIMO OITAVA. INFORMACIÓN RELATIVA Á CONVOCATORIA.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no concello de Redondela, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial do concello de Redondela (*http://redondela.gal*).

b) Nos teléfonos 986 400 300 .

c) No enderezo electrónico: participacioncidada@redondela.gal

DÉCIMO NOVENA. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

1. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Lei 7/1985, de 2 de abirl, reguladora das bases de réxime local.
4. Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
5. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais.
6. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
8. Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Redondela.
9. As Bases de execución do Orzamento do concello de Redondela.
10. Demais normativa aplicable.

VIXÉSIMA. RECURSOS.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

Anexo de solicitude

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES 2025

Referencia (a cubrir pola Administración):

Entidade	
CIF	
Enderezo fiscal (Lugar, núm., parroquia, CP)	
Teléfono	
Email	

Representante legal	
Cargo da/o representante	
NIF	
Enderezo (Lugar,núm., parroquia, CP)	

EXPÓN

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as bases e convocatoria de subvencións para actividades da Concellería de Participación Cidadá.

- Que autorizo o concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

NO CASO DE NON AUTORIZAR AO concello, RISQUE □ NON, E XUNTO COA DOCUMENTACIÓN PRESENTE OS CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE COA SEGURIDADE SOCIAL, FACENDA DO ESTADO E FACENDA DA XUNTA.

- Que os datos indicados na solicitude son certos.

SOLICITA

Que se lle conceda un subvención para a realización das actividades que se detallan no Anexo II, de conformidade coas bases e Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades ano 2025:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:U2AE8KN806H2KAC7

Nº	ACTIVIDADE	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO (70 % do importe total)
1			
2			

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1.- Anexo I (Modelo de solicitude).

2.- Anexo II (Memoria detallada de cada actividade).

3.- Anexo III (Declaración expresa responsable).

4.- Anexo IV (Declaración doutras axudas).

5.- Achega copia do CIF da entidade solicitante ou declara telo presentado en anos anteriores sen que o dato sufrira modificación marcando nesta casilla □**.**

6.- Achega copia do NIF do representante ou declara telo presentado en anos anteriores sen que o dato sufrira modificación marcando nesta casilla □.

7.- Certificación expedida polo/la secretario/a da entidade na que figure a relación de membros da xunta directiva actual.

